

## **XVI Seminario De Historia De Culleredo**

### ***“Cine E Memoria Histórica”***

O próximo 25 de novembro comezarán as sesións do XVI Seminario de Historia de Culleredo, dedicado este ano ao “CINE E MEMORIA HISTORIA”, que se desenvolverá no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo, os días 25 – 26 e 27 de novembro, organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Culleredo, coa colaboración da Universidade da Coruña.

Por dezaseis anos consecutivos, a Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza o “XVI Seminario de Historia” de Culleredo, que naceu cos obxectivos de sobras cumpridos de achegarnos a nosa historia local, en todos os seus períodos e contextualizar a mesma co sucedido en Galicia e mesmo en España: e tamén recuperar a memoria histórica, tratar de desentrañar períodos non suficientemente estudados , ou recuperando a memoria que nos furtaron durante anos.

O Seminario de Historia de Culleredo é un dos mais antigos de Galicia, abordando moitísimos aspectos da nosa historia, coa presenza de destacadísimos especialistas tanto galegos como doutros lugares do estado, e a asistencia arredor de duascenas persoas por edición, tanto do ámbito docente e universitario como é isto unha particularidade do Seminario, cidadáns e cidadanas interesados pola súa historia; o pasado ano dedicamos unha edición especial ao poeta “Uxio Novoneyra e o seu contexto histórico”, con destacados intelectuais e literatos.

Este ano recuperamos un tema mais histórico, pero tratando de darlle unha nova dimensión, “CINE E MEMORIA HISTÓRICA”, xa que nos últimos meses teñen aparecido en Galicia numerosos cortos e documentais, etc, vinculados coa recuperación da memoria, que explican moi ben, aspectos ou sucesos acaecidos no período republicano, na guerra ou no franquismo, acompañados de mesas redondas, e conferencias, cos seus directores e actores: Antón Caeiro, Manane Rodríguez, Xan Leira, Patricia Nogueira, Xosé Abad ou David Castro de Paz, da Aula de Cine e Imaxe da Universidade da Coruña.

Aproveitando a ocasión estreamos en Servizos Múltiples, novo Equipo de proxeccións para visionar cine.

Ademais téñense producido nestes meses a publicación de varios Estudos Históricos importantes, contando cos seus actores: Emilio Grandío Seoane, Xosé Francisco Pardo Teijeiro, Domingo Rodríguez Teijeiro, así como M<sup>a</sup>

Jesús Martínez, responsable do proxecto “Nomes e Voces” da Universidade de Santiago.

Como é habitual, no contexto do Seminario, haberá un espectáculo, que este ano será a presenza, moi pouco frecuente, do poeta CARLOS OROZA co seu espectáculo-poético visual, recitando o seu poema no escrito “ELENCAR”.

Carlos Oroza, a que Manuel Rivas, considera o mellor rapsode de Europa, fíxose famoso en toda España pola súa adscrición ao movemento Beat, considerado o “Allen Ginsberg Español”, que era segundo Francisco Umbral, “o poeta maldito do Café Gijón”.

O Seminario de Historia será pois unha excelente ocasión para que todas as persoas interesadas na historia e no Cine, se inscriban para asistir ao Seminario de Historia.

Ao longo das catorce edicións realizadas, máis de 150 catedráticos, profesores e doutores de varias universidades galegas e españolas -A Coruña, Santiago, Vigo, Valladolid, UNED, Oviedo, Salamanca, Zaragoza, Madrid...- escritores, investigadores..., entre outros), impartiron as súas leccións en Culleredo, e preto de 2.000 persoas asistiron como público. A colaboración da Universidade da Coruña, dende 1998, permitiu achegar ás actividades do Seminario a un importante número de estudantes, que encontraron nos programas desenvolvidos unha formación académicamente válida para os seus estudos.

Neste sentido, o Seminario de Historia de Culleredo está recoñecido como actividade formativa pola Universidade da Coruña, para a súa posible validación.

## **PROGRAMA**

### **Xoves 25 de novembro:**

**19.00 h:** Recepción dos participantes.

**19.30 h:** Inauguración do XV Seminario de Historia de Culleredo, a cargo de D. José María Barja Pérez, reitor da Universidade da Coruña e D. Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.

**20.00 h:** Relatorio *A Segunda República en Galicia. Memoria, mito e historia*, por D. Emilio Grandío Seoane, profesor da Universidade de Santiago. Presentado por D. Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.

**21.00-22.30 h:** Presentación e proxección do documental *Memorias rotas (a balada do comandante Moreno)* por D<sup>a</sup> Manane Rodríguez, directora. Presentada por D<sup>a</sup> Raquel Jabares Fernández, concelleira de Servizos Sociais do Concello de Culleredo.

### **Venres 26 de novembro:**

**17. 00 h:** Presentación da web *Nomes e voces. Proxecto interuniversitario*, a cargo de D<sup>a</sup> María Jesús Martínez Domínguez, licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago e coordinadora da web. Presentado por D. Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.

**18.00-20.00 h:** Presentación e proxección do documental *Crónicas da Galicia mártir*, por D. Xan Leira, director. Presentado por D. José Ramón Riobóo Castro, concelleiro do Concello de Culleredo.

**20.30-22.00 h:** Espectáculo do vídeo-poema *Eléncar*, a cargo do poeta Carlos Oroza.

### **Sábado 27 de novembro:**

**10.00-11.15 h:** Presentación e proxección do documental *San Salvador. Presos en Celanova*, por D<sup>a</sup> Patricia Nogueira Díaz, directora. Presentado por D. Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.

**11.15-13.00 h:** Presentación e proxección do documental *O segredo da Frouxeira*, por D. Xosé Abad, director. Presentado por D. Pablo Bouza Suárez, xefe de servizo de Cultura do Concello de Culleredo.

**13.00-14.00 h:** Relatorio *Bibiano Fernández Osorio-Tafall. Un científico e político galego no exilio*, por D. Xosé Francisco Pardo Teijeiro, catedrático de Ensino Medio. Presentado por D<sup>a</sup> Lucía Fariñas Seoane, concelleira do Concello de Culleredo.

**16.30-17.30 h:** Relatorio *Cinema e guerra civil*, por D. David Castro de Paz, técnico coordinador da Aula de Cine e Imaxe da Universidade da Coruña. Presentado por D. Carlos Pereira Martínez, historiador do Concello de Culleredo.

**17.30-18.30 h:** Relatorio *Presos e prisións na Galicia de guerra e posguerra, 1936-1945*, por D. Domingo Rodríguez Teijeiro, profesor da Universidade de Vigo. Presentado por D. Diego Taibo Monelos, portavoz do PSdeG-PSOE no Concello de Culleredo.

**18.30-20.00 h:** Presentación e proxección do documental *Aillados*, por D. Antón Caeiro, director. Presentado por D. Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.

**20.00 h:** Clausura do Seminario e entrega de diplomas de asistencia.

As inscricións poden facerse persoalmente, por teléfono, por fax ou por e-mail, no seguinte enderezo:

Concellería de Cultura do Concello de Culleredo  
Edificio de Servizos Múltiples do Burgo  
Rúa Ramón Cabanillas, nº 14  
15670 O Burgo (Culleredo)  
Teléfono: 981665597 Fax: 981661748  
e-mail: [servizosmultiples@gmail.com](mailto:servizosmultiples@gmail.com)